

PREGÓN SANTIAGO FEIRA DO LIBRO DE 2005

Rosa Aneiros

Benvidos amigos e amigas, á gran festa da palabra, á festa das letras que flúen de man en man dacabalo de historias, personaxes e lugares do mundo mítico da literatura.

Contaba Lorenzo Varela, figura á que este ano adicamos o día das Letras Galegas, nunha das súas columnas de opinión de *Correo literario* (n. 5, 15 de xaneiro de 1944, p. 2) de Bos Aires unha anécdota ben significativa en torno á repercusión das obras literarias. Segundo o autor de Monterroso en Madrid, onde andaban a voltas coa supresión do Quixote nas aulas, mofábanse da célebre resposta dun mestre ao ministro de Instrucción Pública cando este, home serio, preguntou con aire grave á clase:

-¿quen fixo o Quixote?

Un alumno, o que se sentía aludido polo ministro, botouse a chorar. Como este buscaba algún outro a quen preguntar, toda a clase puxo cara de apuro e, finalmente, o pobre do mestre, atribulado pola ollada interrogante do ministro, apresurouse a dicir:

-Eu non fun señor. Xúrollo.

Este ano en que vivimos, ano do Quixote e tamén do Merlín de Cunqueiro, de Anxel Casal e de Lorenzo Varela, as campañas de difusión da lectura abrollan dende a televisión á prensa, de Internet aos mupis da rúa. É necesario, eu diría que imprescindible, facer da lectura un lugar de evasión e de construción masiva. Incidir na motivación para crear e para soñar da man dos autores e autoras que están construíndo un universo de palabras, único e intransferible, para uso e disfrute de cadaquén. Pero se é importante divulgar a partir das rutas gastronómicas, congresos, simposios,

exposicións ou visitas guiadas polas cidades, máis importante resulta achegar os libros á xente. Achegar o cerne da literatura, das historias, do goce de compartir personaxes e tramas aos posibles lectores e lectoras.

Porque diso, de compartir soños a partir das palabras que nos entregan os creadores e creadoras falamos ao referirnos á literatura. Do gran soño, absolutamente libre e independente, de ler. Por iso e nesta primavera eu convidaríavos a coñecer o neno gato de Anxos Sumai, o Ernest Hemingway recreado por Xerardo Agrafoxo, o detective Dopico de Diego Ameixeiras, as caixas en que Bernardo Atxaga soterraba as palabras da súa lingua nai en América, a vila siciliana de Roccacolomba de Simonetta Agnello Hornby, o vento de Lída Jorge, a memoria dinosáurica de García Márquez, a Bretaña mítica de Ramón Loureiro, o sangue callado de Baricco, a Barcelona de Montalbán, Carlos Ruiz Zafón ou Mercé Rodoreda, o ruído envolvente de Luísa Villalta, os gromos nas maceiras de Estevo Creus, a nena defunta de Eduardo Estévez, as pantasma de Pessoa de Manuel Jorge Marmelo, as terceiras mulleres que habitan en María do Cebreiro, a lúcida comprensión do mundo de Barreiro Rivas ou Ramón Villares, a memoria familiar de Carlos Negro, as citas de Emma Couceiro, as vacas de Lupe Gómez, as rulas de Bakunin de Riveiro Coello, a señora Lola de Fran Alonso, os comedores de patacas de Manolo Rivas, as trece badaladas que ecoan en Suso de Toro, a lucidez e a cegueira de Jose Saramago, a pensión recóndita de Unai Elorriaga, o cárcere de Ventas vivido por Mercedes Núñez, o cotío de Teresa Moure, os espaguetis de Jaureguizar....

Benvidos á república liberada da palabra, onde cada frase constrúe o mundo que vós queirades a partir dos piares dos personaxes, o cemento dos lugares e as fiestras das metáforas. Benvidos ao voso espazo mítico, onde

podedes escoller entre milleiros de travesías polas que navegar. Facede das historias que vos construímos, ferramentas para voar. Porque quen do outro lado das palabras se sitúa, os escritores e escritoras, creamos só os alicerces e os andamios para que vós, os lectores, creedes e creades. A literatura non remata cando o autor pon o punto final senón cando un lector recolle o legado escrito, o fai seu, e inicia a súa propia singradura.

Ler é crer, é abrir as portas dos mundos individuais a un universo mítico colectivo. Nunca deberíamos renunciar ao poder da palabra, o poder de aprender, o poder de crear. Neste Día Mundial do Libro e dos Dereitos de Autor e segundo denuncia o último informe de Unicef presentado hai uns días, máis de 54 millóns de nenas no mundo son analfabetas, están sen escolarizar. Esta é a mellor maneira de limitarnos, de escravizarnos, de impedirnos medrar. Sen o acceso á escrita, á lectura, o ser humano nunca será libre.

Por iso, vós que tedes acceso aos libros, non os desherdedes. Non fagades que a súa mensaxe sexa estéril. Liberade as palabras do cárcere físico do libro e ceibádeas nas vosas mentes. Como na sombra do vento de Zafón, arrebatade os libros dos andeis do Cemiterio dos Libros Esquecidos e soñádeos. Facédeos voar. Dádelles o alento necesario para vivir.

Facede, en definitiva, literatura.

Estas son portas abertas para soñar. As vosas, as das feiras do libro.